

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

Dirección do proxecto	
Nome: Carmen Vázquez Pampín	
Enderezo electrónico: cvazquez@uvigo.es	Teléfono: 986 812 450
Co-dirección do proxecto	
Nome: Xavier Simón Fernández	
Enderezo electrónico: xsimon@uvigo.gal	Teléfono: 986 812 512
Bienio	20 - 22
Número de participantes (máx. 4)	

Título

ANALIZANDO A DIETA ALIMENTARIA NO MEU IES: VENDO ALÉN DO PRATO

Resumo

Comer é unha actividade vital para todos os seres humanos. Comer é algo máis que inxerir calorías, proteínas e carbohidratos.

Nun contexto como o actual, caracterizado por problemas cardiovasculares nas economías occidentais e por problemas de subalimentación nas economías subdesenvolvidas, e por problemas ambientais de primeira magnitude a escala global como o cambio climático e a perda de biodiversidade, comer converteuse nun acto con consecuencias económicas, sociais e ambientais.

Neste proxecto de investigación, mediante o uso de indicadores como a pegada do carbono ou o uso de enerxía, entre outros, estimaremos os impactos da dieta máis común no IES.

Así mesmo, faremos simulacións sobre que ocorrería se os alimentos percorreren menos quilómetros, se os alimentos foran producidos mediante sistemas de produción ecolóxica e se a dieta fora vexetariana.

Obxectivo

1. Familiarizarse coa necesidade de usar un conxunto variados de indicadores ou varas de medir para a avaliación dos sistemas socioeconómicos.
2. Comprender o significado social, económico e ambiental que teñen decisións domésticas e diarias, como é a elección dos nosos alimentos.
3. Reflexionar sobre a necesidade de reconfigurar o sistema socioeconómico para evitar os problemas ambientais globais e avanzar na xustiza social
4. Definir estratexias para pór en valor o medio rural local/comarcal/ rexional como fonte de riqueza.

Plan de traballo

Propóñense as seguintes actividades:

1. Discusión en grupo sobre a natureza do problema que queremos analizar. Definición do sistema e os seus límites de análise.
2. Recopilación de Información e datos sobre o sistema agroalimentario da túa cidade/Comarca/País.
3. Caracterización da dieta máis común da Comunidade Educativa do IES.
4. Traballo con referencias bibliográficas que permitan configurar a análise global da dieta: análise do Ciclo de Vida dos produtos. Indicadores biofísicos: pegada do carbono; consumo de enerxía; etc.
5. Realización dos cálculos dos indicadores para a dieta máis común
6. Fixación de diferentes escenarios de consumo: menos distancia; diferentes sistemas de produción; máis vexetais; etc....
7. Obtención de resultados e análise
8. Recomendacións de política educativa, política alimentaria, política sanitaria, etc.
9. Conclusións